



## ANUNCIO

A Alcaldía con data 10/02/2022, ditou a Resolución 136/2022 que a continuación se transcribe:

### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE BOLSA E CHAMAMENTO DE DÚAS PERSOAS CANDIDATAS A OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES**

**ASUNTO:** PROCESO DE SELECCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE OFICIAIS DE SEGUNDA DE ALBANEL E DE OPERARIOS/AS DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA O CONCELLO DE VIMIANZO, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A

**EXP. TEDEC:** 2021/E001/000021

#### ANTECEDENTES

Por Resolución de Alcaldía núm. 8/2022, do 10/01/2021, procedeuse á aprobación das bases para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de oficiais de segunda de albanel e de operarios/as de servizos múltiples para o Concello de Vimianzo, mediante concurso-oposición libre, como funcionario/a interino/a, publicadas no taboleiro de anuncios e na sede o día 11/01/2022 e anunciadas no BOP núm.10, do 17/01/2022.

Desde o 18/01/2022 ata o 27/01/2022 estivo aberto o prazo de solicitudes.

Constan no expediente os Informes de Rexistro sobre a relación de persoas candidatas a oficiais de segunda de albanel e a operarios/as de servizos múltiples, do 01/02/2022, con documentación de trece persoas, das que se presentan cinco a oficiais de segunda de albanel e dez a operarios de servizos múltiples.

Consta o informe da técnica de Desenvolvemento Local con data do 01/02/2022 sobre a proposta de listaxe definitiva de persoas admitidas, ao cumprir todas as que se presentaron cos requisitos especificados nas bases.

Por Resolución de Alcaldía núm. 92/2022, do 02/02/2022, procedeuse á aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas no proceso de selección, composición do tribunal e datas das probas.

A Acta núm. 3 do Tribunal, do 09/02/2022, contén a proposta para a Alcaldía de Bolsa de Tráballo para o posto de operarios de servizos múltiples..

O Tribunal publicou o anuncio coas notas o día 09/02/2022 no Taboleiro de Edictos e no da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tense en conta a base novena sobre a constitución da bolsa de emprego, a base décima sobre propostas de nomeamento e presentación de documentos e a base undécima sobre nomeamento e toma de posesión.

Vista a Providencia de Alcaldía que deu orixe a este expediente, procede o nomeamento de dúas persoas como operarios de servizos múltiples.

Tendo en conta o artigo 10 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla no punto 1 d) o nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses.



Considerando a atribución concedida á Alcaldía polo artigo 21.1 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a Bolsa de Traballo de operarios de servizos múltiples para o Concello de Vimianzo:

	DNI	APELIDOS	NOME	PUNTUACIÓN
1	76363160D	GANDARA MOUZO	MARIA CARMEN	100,00
2	79332633K	PEREZ SUAREZ	JAVIER	100,00
3	34890804B	POSE CASTRO	FRANCISCO	81,18
4	76366849H	SANTOS LORENZO	ENRIQUE	80,00
7	32799154G	INSUA RIVEIRO	LUIS	46,24
8	79334924N	FERREIRO AMIGO	DARIO	39,00
9	49678538X	GARCIA AGUIAR	MIGUEL ANGEL	36,66

**Segundo.-** Ordear que persoal do departamento de Promoción Económica faga o chamamento mediante teléfono ou mensaxe electrónica ás dúas persoas que encabezan a bolsa e establecer como data de toma de posesión o 14/02/2021 e durante 9 meses.

[...] “

RECURSOS:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación (mediante o anuncio, segundo a base 10ª). Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Vimianzo, 10 de febreiro de 2022

Mónica Rodríguez Ordóñez

Alcaldesa do Concello de Vimianzo